



Concello de Meaño

BASES PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CON CARÁCTER TEMPORAL AS FUNCIÓNS DO POSTO EDUCADOR/A FAMILIAR DO CONCELLO DE MEAÑO.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que rexeran o proceso de selección, mediante o sistema de oposición, para a formación dunha bolsa de emprego para realizar con carácter laboral temporal as funcións do posto de educador/a familiar, nos supostos en que por necesidades do servizo sexa precisa a contratación temporal de persoal, tales como períodos de baixa por incapacidade, vacacións, permisos ou situacións similares.

Esta bolsa estará vixente por prazo de tres anos dende a data na que se dite a resolución de formación da mesma.

A convocatoria do proceso de selección será obxecto de publicación no BOP de Pontevedra e na páxina web do Concello de Meaño. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Meaño.

2ª.- CARACTERISTICAS E COMETIDOS FUNCIONAIS.

2.1.- Retribucións: As establecidas na Relación de Postos de Traballo e no Orzamento municipal para o posto a desempeñar.

2.2.- As funcións serán as inherentes ao posto educador/a familiar establecidas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño.

2.3.- Duración. Os contratos que se efectúen a través da bolsa de emprego resultante durarán mentres persistan as circunstancias que motiven a contratación temporal (períodos de baixa por incapacidade, vacacións, permisos ou situacións similares) e virán limitadas pola duración máxima legal establecida para cada modalidade de contrato temporal na normativa laboral.

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:

1) Para ser admitidas no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TRLEBEP, a respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter feitos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de Xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da seguinte titulación: Diplomatura Universitaria ou Grado Universitario en Traballo Social ou titulación equivalente ; Diplomatura Universitaria ou Grado Universitario en





Concello de Meaño

Educación Social ou titulación equivalente. Así mesmo, poderán participar aqueles/as aspirantes que estén en posesión de outra titulación e estén habilitados polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia segundo o previsto na Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

As equivalencias deberán acreditarse mediante certificado expedido pola Administración competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto á que aspira.

e) Non estar separado por un expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario do que estivese separado ou inhabilitado. En caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Ingresar na conta bancaria de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ES03 2080 5044 3130 4000 1099 a cantidade de 3,00 € en concepto de dereitos de exame.

g) Carecer de antecedentes de natureza sexual.

2) As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior no día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como laboral temporal.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán presentar solicitude no modelo oficial que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Meaño e na paxina web do Concello de Meaño (www.concellodemearno.com) dirixidas á Alcaldía do Concello de Meaño. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante coa dirección e a denominación do posto convocado.

4.2.- Para ser admitido neste proceso os/as aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3ª, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsedades en que pudiesen incurrir os aspirantes, para os efectos procedentes.

4.4.- O prazo de presentación de instancias será de **10 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra.

4.5.- As instancias presentaranse na sede electrónica ou no rexistro do Concello de Meaño (R/ Campo da Feira nº1-Meaño) e nos lugares e nas formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015,





Concello de Meaño

do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Certificado de carecer de antecedentes de natureza sexual.
- Xustificante do pagamento da taxa por solicitude para tomar parte en procedemento de selección que ascende a 3,00 € (anexo tarifa da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as autoridades locais) e poderá ser efectuado na conta bancaria ES03 2080 5044 3130 4000 1099.
- Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente.

4.6.- Aqueles aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, a seguinte documentación:

a) Solicitalo de modo expreso na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.

b) Achegar fotocopia compulsada de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de minusvalía. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

Esta resolución publicárase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Meaño.

5.2.- Os/as aspirantes excluídos disporán do prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder enmedar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión e/ou formular reclamacións.

De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3.- Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

5.4.- Rematado o prazo de enmenda a Alcaldía ditará resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo. Na mesma determinarase a designación do tribunal cualificador, así como a data de comenzo das probas.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos no prexulga que se lles recoñeza aos/ás





Concello de Meaño

interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberá ser xustificado documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas e sexan chamados/as para formalizar o contrato.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respetando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Presidente/a: O persoal funcionario o laboral fixo da administración local que se nomee de igual ou superior grupo de titulación.

-Secretaria/o: O secretario da Corporación ou funcionario da Corporación en que delegue de igual ou superior grupo de titulación.

-Vogais: Tres vogais designados/as pola Alcaldía entre funcionarios o persoal laboral da administración local de igual ou superior grupo de titulación.

Os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros e coa presenza en todo caso do/a Presidente/a e o/a Secretario/a.

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan na aplicación das normas contidas nestas bases, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6.6.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á súa constitución publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Meaño.

7ª.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS E PROCESO SELECTIVO. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

7.1. Calendario e desenvolvemento das probas e proceso selectivo

1.- O tribunal reunirse para a constitución e para a realización da primeira proba na data que se





Concello de Meaño

indique na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos.

A data, lugar e hora de celebración das sucesivas probas que conforma a fase de oposición serán publicadas, no taboleiro de anuncios do Concello de Meaño e publicaranse na páxina Web do Concello de Meaño.

2.- Concluídas as probas selectivas, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello de Meaño e na páxina Web do Concello de Meaño, a relación de aspirantes que superaron cada un dos exercizos da oposición con indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista dos resultados das fases de oposición terán a consideración de non aptos.

Así, se algún aspirante quere ter acceso ao seu expediente ou exercizo, deberá solicitalo por escrito e notificaráselle por escrito o día e hora en que poderá velo. Se quere copia dalgún dos citados documentos deberá aboar a taxa correspondente e solicitalo, así mesmo, por escrito.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de **2 día hábiles**, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello dos resultados de cada exercicio para facer alegacións aos mesmos.

Dende a total terminación dun exercicio ata o comenzo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 24 horas e un máximo de 20 días.

3.- No caso de que participen persoas con discapacidade que solicitasen adaptacións de tempo e medios, será o órgano de selección o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

4.-En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

5.- A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercizos que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará pola letra "A". No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comence pola letra seguinte, e así, sucesivamente.

6.-Si en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa





Concello de Meaño

audiencia do interesado, deberá propoñer ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

7.- Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ó previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

7.2. Probas selectivas.

Consistiran en dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio e un exercicio obrigatorio e non eliminatorio para as/os candidatos que non teñan acreditado o nivel de coñecemento da lingua galega esixido.

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 50 minutos, un cuestionario de 50 preguntas tipo test baseadas no contido do programa, que figura como Anexo I, da convocatoria, con respostas alternativas sendo só unha delas correcta, fixadas polo Tribunal antes da realización da proba, podendo preverse 5 preguntas adicionais de reserva que serán valoradas no caso de que se anule algunha das 50 anteriores.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización do exercicio.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos. Cada resposta correcta cualificarase con 0,20 puntos e cada unha das erróneas restará 0,10.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo dúas horas e media dous temas de tres elexidos ao chou do programa anexo.

Unha vez rematado o exercizo os aspirantes serán convocados polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o/a seu autor. O tribunal poderá formular preguntas concretas en relación a dita proba.

Esta proba cualificarase de cero (0) a dez 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para acadar a consideración de apto.

Terceiro exercicio. proba de coñecemento do idioma galego.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA IV ou equivalente, deberán facer unha proba obligatoria e non eliminatoria que se valorará de 0 a 1 punto.

Esta proba consistirá na tradución directa e inversa de dous textos, en castelán e galego, nun tempo máximo de 30 minutos. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

Os aspirantes que acrediten estar en posesión do título CELGA IV ou equivalente outorgaráselle 1





Concello de Meaño

punto.

8ª.- LISTA DE APROBADOS E BOLSA DE TRABAJO

8.1.- Rematadas as probas o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Meaño a relación dos candidatos por orden decrecente da puntuación final obtida, que virá dada pola suma das obtidas en cada unha das probas do proceso selectivo de aqueles aspirantes que teñen superado todos os mesmos. En caso de empate resolverase tendo en conta a maior puntuación no primeiro exercicio, se fose preciso acudirase á puntuación do segundo exercicio e de continuar o empate este desfarase mediante sorteo ao que serán convocados os aspirantes.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de **2 días hábiles**, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello das puntuacións finais e da lista para a formación da bolsa de traballo para facer alegacións ás mesmas.

8.2.- Coa listaxe formarase, por Resolución da Alcaldía, unha Bolsa de traballo á que poda recorrerse en caso de xurdir necesidades de contratación que se rexerá polas seguintes regras:

1. Xurdida a necesidade temporal e previa declaración da necesidade da súa provisión e da acreditación de existencia de crédito adecuado e suficiente, a Alcaldía determinará as condicións da contratación.

2. Ofrecerase ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación.

3. A tal efecto, comunicárase o/á aspirante que corresponda mediante correo electrónico o ofrecemento.

4. Se o/a interesado/a nos tres días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento non manifesta a súa conformidade co ofrecemento, entenderase que renuncia ó mesmo, e postergarase ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

a) Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.

b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.

d) Outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.

e) Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo. Nestes casos causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de **3 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

5. Os/as aspirantes que aleguen algunha destas circunstancias conservarán a súa posición na bolsa. Sen embargo non recibirán ningunha outra oferta mentras se manteña a circunstancia





Concello de Meaño

alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións sinaladas.

6.- As persoas contratadas ao abeiro desta bolsa de emprego unha vez remata a relación laboral co Concello de Meaño voltarán a bolsa na orde que lle correspondía inicialmente na mesma.

7.- As persoas que sendo contratadas ao abeiro desta bolsa de emprego, renunciaren ao contrato, serán excluídas da bolsa de emprego.

8.- En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego, e a persoa que resulte nomeada cesará ao rematar a causa que deu lugar ao seu nomeamento ou ao acadar o prazo máximo legal de duración destas contratacións.

8.3.- Para a súa contratación o/a aspirante, a quen corresponda atendendo a orde na bolsa de emprego, deberá de achegar no prazo de **3 días hábiles**, contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese o chamamento, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria e do certificado do CELGA, de ser o caso.

c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, non se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no proceso de selección.

8.4.- No caso de que non se presentase ningún aspirante ou de que o mesmo quedase deserto por non superar ningún o proceso selectivo, a Alcaldía queda facultada para convocar un novo proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego.

9ª.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL.

Unha vez presentada a documentación, pola Alcaldía, procederase a ditar a correspondente Resolución de contratación. Ata que se incorporen ao posto de traballo correspondente, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

10ª.- INCIDENCIAS.





Concello de Meaño

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

11ª.- LEXISLACIÓN. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o RD 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o RD 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto de Traballadores e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

Os datos persoais que faciliten os/as aspirantes serán tratados para o proceso de selección realizado polo Concello de Meaño durante a duración do mesmo, baixo os requisitos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos. Os datos unicamente serán tratados para facerlle partícipe do proceso de selección de persoal realizado polo CONCELLO DE MEAÑO. Non se realizarán cesións de datos a terceiros nin transferencias internacionais de datos. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos dirixíndose por escrito e achegando o seu DNI, á seguinte dirección CONCELLO DE MEAÑO Rúa Campo da Feira nº1, CP 36968, Meaño (Pontevedra) ou ben ao seguinte correo electrónico concellodemearno@concellodemearno.com.

12ª.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actas administrativas se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Anexo I.- TEMARIO

1. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A organización territorial do Estado. Os Estatutos de Autonomía: o seu significado. Especial referencia ao Estatuto de Autonomía para Galicia.





Concello de Meaño

3. O municipio: Elementos. Competencias municipais.
4. O municipio como base operativa para a prestación de servizos sociais. Evolución de acción social.
5. Os servizos sociais: concepto, principios fundamentais, tipoloxía dos servizos, centros dos servizos sociais, modelo de servizos sociais.
6. O educador social como membro dun equipo interdisciplinar, Códigos de ética no traballo social en relación cos usuarios, coas institucións e con outros profesionais.
7. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: estrutura e contido.
8. Pensións contributivas e non contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos
9. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
10. Servizos sociais especializados. Concepto. Competencias. Organización. Equipamentos.
11. Problemática da muller. Recursos. Requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.
12. Minorías étnicas. Necesidades e recursos. Aspectos demográficos. Problemáticas específicas e medidas para a integración social.
13. Terceira idade: concepto e aspectos sociais do envellecemento. Necesidades e recursos.
14. Transeúntes: concepto, problemática, necesidades e recursos.
15. As persoas con discapacidade: Necesidades e recursos. Certificado de discapacidade. Solicitude de recoñecemento e beneficios que achega. Tutela e incapacitación.
16. Drogodependencias e alcoholismo: concepto, problemática social e laboral. Servizos e recursos.
17. Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención perante o maltrato infantil.
18. O desemprego: a súa incidencia nos servizos sociais. O papel do educador social.
19. A inmigración: concepto, problemática, necesidades e recursos.
20. A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
21. A animación sociocultural. Definición, características, ámbitos de actuación.
22. Regulamentación do Servizo de Axuda no Fogar da Comunidade Autónoma Galega e a Odenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Meaño.
23. A marxinación social. Concepto, causa, clasificación e colectivos de marxinados sociais. Pobreza e marxinación.
24. Saúde mental comunitaria: definición e características. Saúde mental positiva.
25. A Renda de integración social de Galicia. Definición, requisitos, beneficiarios e prestacións económicas. Proxecto de inserción social.
26. Axudas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra para situacións de emerxencia social.
27. Coñecemento das aplicacións informáticas nos servizos sociais: aplicacións SIUSS, HSUE, MATIASS, RUEPPS...





Concello de Meaño

28. A protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora.

En Meaño, o Acalde Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado e datado dixitalmente.

